

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE
INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA ABRIR FERROL AO MAR.
SEGUNDA FASE DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA
FACHADA MARÍTIMA E PORTUARIA DA CIDADE DE FERROL**

Ferrol, venres, 29 de decembro de 2023

REUNIDOS

En presenza do presidente da Xunta de Galicia,
don Alfonso Rueda Valenzuela




Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, José Manuel Rey Varela, na súa condición de alcalde do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Axencia Galega de Infraestruturas en colaboración coa Autoridade Portuaria de Ferrol San Cibrao, a través dos fondos de Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (fondos MRR), está desenvolvendo o proxecto "Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na estrada baixa do Porto e dársena de Curuxeiras". Esta actuación é favorecedora da implantación dunha zona de baixas emisións na cidade de Ferrol ao facilitar os desprazamentos peonís, ciclistas, e permitirá o acceso de peóns e ciclistas a una importante zona de equipamentos e servizos no perímetro da ensenada de A Malata. En concreto, no marco do devandito convenio habilítanse itinerarios peonís e un "carril bici" bidireccional en dous ámbitos contiguos, coas actuacións "Adaptación para unha mobilidade sostible da Estrada Baixa ata o Baluarte", e "Adaptación para unha mobilidade sostible da Dársena de Curuxeiras".



Con estas actuacións permitírase o fluxo peonil principal (norte-sur: Ferrol–A Malata e viceversa), fluxo peonil entre o aparcamento central (o principal que existirá en todo o entorno portuario) e a dársena de Curuxeiras e resto de Ferrol. Para cumprir este último obxectivo son imprescindibles actuacións que lles dean continuidade.



Segundo. O concello de Ferrol quere completar a transformación do espazo existente, entre a trama urbana e as infraestruturas que bordean a ría, nun gran eixo de mobilidade sostible que, ademais, permita a apertura da cidade cara ao mar. Coas obras que agora se promoven e as que xa se están a desenvolver, preténdese acadar unha franxa continua de tránsito seguro e cómodo para peóns e ciclistas de máis de dez quilómetros de lonxitude na zona de contacto co mar, e contribuír, ademais, á rexeneración urbana da cidade. Así, as novas actuacións que se promoven con este convenio, supoñen unha continuidade das que se están a realizar na dársena de Curuxeiras, extremo oeste, que se prolongarían ata a enseada de Caranza, extremo este, co obxectivo de implantar un modelo de mobilidade sostible na zona de perímetro de contacto da cidade co mar.

Terceiro. O concello de Ferrol e o Ministerio de Defensa veñen de facer público un acordo que permitirá eliminar o actual peche das instalacións militares do Arsenal, o cal suporá un fito histórico para unha cidade de forte vínculo co mar, pero que, nunha parte importante do seu perímetro litoral urbano, non tiña a posibilidade de se percibir visualmente. As actuacións que se propoñen permiten aproveitar ao máximo a oportunidade que xurde con este acordo, de modo que o cambio non sexa só estético ou paisaxístico, senón tamén funcional dende o punto de vista da mobilidade, conformando ao longo deste espazo urbano de borde que se vai remodelar, un eixo de mobilidade sostible, peonil e ciclista, que prolonga as actuacións do Next Generation.

Cuarto. As actuacións defínense en tres treitos que aínda que se complementan actúan en barrios e espazos diferentes da cidade.

A primeira das actuacións comezaría na dársena de Curuxeiras, dándolle continuidade ás que están en execución, prolongando os itinerarios peonís e ciclistas e as áreas de estacionamento ao longo do fronte portuario, ata as instalacións militares da Cortina.

Na segunda das actuacións traballárase nun ramal que conecta o treito anterior cos accesos a estaleiros, centros educativos, o centro deportivo de Batallones e o Campus de Esteiro conectando infraestruturas básicas da cidade.



A terceira das actuacións coincide co itinerario da traza do Camiño Inglés de Santiago, que discorre polo borde costeiro. Acondicionaríanse os accesos transversais coa trama urbana cunha rehabilitación e mellora da accesibilidade de peóns e ciclistas, aproveitando os recursos paisaxísticos e ambientais que ofrece a contorna.




Quinto. A Estratexia Galega de Mobilidade (E.G.M.) é un instrumento estratéxico de planificación de carácter multi-modal que ten desenvolvido a Xunta de Galicia para analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na nosa Comunidade, e adaptala aos retos da sociedade no futuro en materia de mobilidade sostible. A E.G.M. permite saber en que e como debemos mellorar as infraestruturas, servizos e tecnoloxía asociadas á mobilidade, para deseñar solucións a medida das necesidades da poboación galega para os próximos anos. Coa meta de transformar o modelo de mobilidade de Galicia, para convertelo nun máis funcional, máis sostible ambiental e economicamente, e tamén máis seguro, apoiándose para iso na innovación tecnolóxica.

A E.G.M. formula a consecución duns obxectivos globais que propón alcanzar ata 2050, que serán revisados gradualmente, e define 5 eixos estratéxicos: funcionalidade, sustentabilidade, seguridade, innovación e economía. A súa formulación foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia celebrado o 19 de xaneiro de 2022.

As actuacións a desenvolver, enlazando os itinerarios peonís existentes con outros novos e creando prazas de estacionamento disuasorio, perseguen acadar unha cidade máis funcional, sustentable e segura ao tempo que dá servizo aos barrios e polos de actividade e equipamentos existentes.

Sexto. A Axencia Galega de Infraestruturas ten, entre os seus obxectivos, a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha mellora das condicións de accesibilidade e mobilidade. Esta rede viaria, ademais, xa non só pode estar ao servizo dos vehículos automóbiles, senón que debe ser aproveitada como plataforma para tamén favorecer a mobilidade peonil e ciclista. Promóvese, por tanto, acadar vías eficaces, cómodas e seguras para todos os usuarios, especialmente os máis vulnerables.



O Plan de Seguridade Viaria 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia de 28 de abril de 2022. O seu programa de actuación estrutúrase en retos e en accións, sendo o reto número 1 a "visión cero en usuarios vulnerables: mellora da seguridade dos peóns".

Coas obras proxectadas haberá un logo paseo que permitirá cruzar a cidade a pé ou en bicicleta dun extremo a outro nun entorno urbano radicalmente mellorado coa oportunidade de eliminar a barreira visual do peche das instalacións militares existentes.




Sétimo. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Ferrol, trata de acadar os obxectivos descritos dunha cidade máis sostible, funcional e segura, gañando espazos públicos para a cidadanía, acorde coa estratexia para a implantación de sendas peonís e/ou ciclistas nas entornas metropolitanas das principais cidades de Galicia, redactada en xullo de 2021 para a xestión dos fondos MRR de fomento da mobilidade sostible, que se materializou nunha primeira fase co convenio de colaboración asinado entre Xunta de Galicia e Autoridade Portuaria, e que agora se pretende completar.

Oitavo. O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2024 recolle unha partida orzamentaria específica denominada "Convenio concello de Ferrol – Abrir Ferrol ao Mar", de código 08 A1 512B 760.0 2024 00001 coa que o Goberno propuxo ao Parlamento de Galicia apoiar singularmente o financiamento desta actuación, dada a súa especial relevancia e transcendencia. E o concello de Ferrol realizará en paralelo un esforzo similar, financiando o 50% das obras que se executen e asumindo a carga administrativa e técnica do seu desenvolvemento, un esforzo moi importante para un concello e que pon de manifesto tamén a súa importancia.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio suxeito ás seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para achegar a cidade ao mar a través de varais actuacións que se centran en tres treitos.

As actuacións que se define a continuación son a título indicativo xa que o seu deseño precisárase con detalle nos correspondentes proxectos construtivos cuxa redacción forma parte do propio obxecto do convenio.



Treito 1. No entorno do Arsenal, Ferrol Vello e a Magdalena. A actuación comezaría ao final da dársena de Curuxeiras, dándolle continuidade ao carril bici que está en construción. O treito descorre pola rúa Irmandiños, entre o Arsenal e os barrios de Ferrol Vello e A Magdalena, ata chegar á Avenida de Esteiro. É un vial de 1,4 km de lonxitude, con calzada a dous carrís e beirarrúa continua dun ancho variable na marxe dereita. Non ten "carril bici" e só hai franxas de estacionamento puntuais na contorna do mercado e do teatro Jofre.

En concreto as obras consisten en:

- A prolongación do "carril bici" ata a súa conexión con centro urbano, pola rúa Irmandiños e o barrio da Magdalena.
- Reordenación da circulación rodada e mellora da seguridade coa ordenación da sección transversal. Nova sinalización horizontal e vertical.
- Creación de itinerarios e espazos peonís accesibles a través do acondicionamento de accesos transversais ata os barrios de Ferrol Vello e A Magdalena e os equipamentos existentes. Eliminación de barreiras á accesibilidade.
- Reordenación das prazas de estacionamento e creación dun estacionamento disuasorio.

O orzamento estimado desta actuación é de 4.708.912,90 € IVE incluído.

Treito 2. Entorno Arsenal e estaleiros con Esteiro. É un vial urbano con alzada de dous carrís duns 600 m de lonxitude con beirarrúas nas dúas marxes e estacionamentos. As obras consistirían en:

- Reordenación da circulación rodada e mellora da seguridade vial a través da ordenación da sección transversal para dispoñer dunha calzada homoxénea e eliminación das barreras á accesibilidade.





- Conexión co carril ciclista da avenida de Esteiro, no entorno dos estaleiros de Navantia e o barrio de Esteiro ata chegar ao Campus Universitario, pasando por centros educativos e deportivos. Esta actuación dá continuidade á do treito 1 e crea un itinerario peonil e ciclista que conecta puntos estratéxicos da cidade.
- Construción dun estacionamento disuasorio en formigón con árido pulido de aproximadamente duascentas (200) prazas no entorno do estaleiro e instalacións docentes e deportivas.
- Reordenación das prazas de estacionamento.

O orzamento estimado desta actuación é de 2.133.931,80 €, IVE incluído.

Treito 3. Entorno Caranza e Telleiras. Neste treito duns 600m de lonxitude conflúen os principais eixes de mobilidade sostible da cidade. As actuacións propostas sumaríanse ás que están en desenvolvéndose ao longo da Avenida das Pías polos ensanches, Esteiro, Telleiras e Caranza, e as existentes ao longo da Ensenada de Caranza.

As obras serían as seguintes:

- Reordenar e conectar os itinerarios peonís na beira costeira da enseada para integrar todas as infraestruturas a través do acondicionamento de accesos transversais.
- Construción de estacionamentos disuasorios no entorno do auditorio, con capacidade para cen (100) vehículos, en formigón con árido pulido.
- Creación de áreas recreativas e de estancia. Plantación de árbores e instalación de mobiliario urbano.

O orzamento estimado desta actuación é de 4.146.155,30 €, IVE incluído.

O orzamento de execución destas actuacións estímase en **once millóns de euros (11.000.000,00 €)**, IVE incluído, cantidade que comprende tamén a redacción dos proxectos construtivos e o control e vixilancia das obras.

SEGUNDA.- REQUISITOS

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Ferrol cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.



TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas). Tamén se encargará de xestionar todos os permisos e autorizacións necesarias. O concello asume a dirección das obras e a súa explotación unha vez finalizadas e recepcionadas.
2. Co-financiar as obras cunha achega estimada en 5.287.614,75 € que se corresponden co 50% da execución de obra e o 50% do seu control e vixilancia. En todo caso o concello deberá asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para, se o estima oportuno, enviar un representante.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o financiamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



O anterior cartel de obras complementarase con outro situado ao seu carón coa única mensaxe "Xunta de Galicia", de acordo co seguinte deseño:



CUARTA.- COMPROMISOS DA AXI

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar a redacción dos proxectos das obras na súa totalidade e a execución das obras e o control e vixilancia nunha porcentaxe do 50%, destinando a contía máxima de CINCO MILLONS SETECENTOS DOCE MIL TRESCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (5.712.385,25 €) IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-0001 dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Dado que se trata da tramitación anticipada dun expediente de gasto, de acordo coa normativa recollida na Orde de 11 de febreiro de 1998, modificada pola Orde 27 de novembro de 2000, e de 25 de outubro de 2001, queda condicionado o gasto que se proxecta, á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais de 2024.

O investimento distribúese nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2024	1.212.385,25
2025	1.600.000,00
2026	1.600.000,00
2027	1.300.000,00
TOTAL	5.712.385,25



QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Ferrol xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica dos carteis da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio, así como das obras realizadas.

Serán subvencionables os gastos realizados durante a vixencia do convenio. A data límite para xustificar os gastos será o 10 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Ferrol, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituírase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Ferrol.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurridas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



SÉTIMA. - NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).



Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2027 e só subvencionará os gastos realizados segundo as condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio, por triplicado exemplar.

En presenza do presidente da Xunta de Galicia,



Alfonso Rueda Valenzuela,

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas



The image shows a blue circular stamp of the 'AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS' with the acronym 'axi' in the center. A signature is written over the stamp.

Ethel Mª Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello de Ferrol



The image shows a blue circular stamp of the 'EXCMO. CONCELLO FERROL' with 'ALCALDIA' at the bottom. A signature is written over the stamp.

José Manuel Rey Varela